

D. XAQUÍN NON PODERÍA FACER, HOXE, OS SEUS ESTUDOS ETNOGRÁFICOS SOBRE O NOSO MAR

Francisco Calo Lourido

“Toda a extensa obra de D. Xaquín, desde que empeza a publicar con só vinte anos ata os póstumos traballos de 1990, conforma un grandioso canto coral no que cada corda que entra, cada novo artigo que se suma o fai en tempo, empastado e afinado, axigantando o tema único: Galicia. Todo o que fixo, ó longo de 82 anos, foi un acto de amor á terra, poñendo ó seu servizo capacidade intelectual, aguda visión de etnógrafo e destreza debuxística”. Principiei así a introdución a fermosa reedición, con expresionistas gravados de Conde Corbal, do seu traballo intitulado “O mar terra adentro” (Cfr. LORENZO, 2004).

Non resulta doado escribir hoxe algo novo sobre a obra de D. Xaquín, despois da profusión de traballos que moitos autores lle dedicamos, no ano 2004, cando a Real Academia Galega atinou honrándoo coas Letras Galegas. En CALO (2004e) estudei demoradamente a súa formación antropolóxica. As repeticións, xa que logo, serán inevitables, pero, en modo algún, fóra de lugar, pois aínda hai quen semella non se decatarse de que, se as metodoloxías funcionan para unha finalidade determinada, só se pode valorar a correcta ou non aplicación que o investigador faga delas, nunca minusvaloralo polo feito de empregarlas. Cando se demostre que unha metodoloxía é a ideal para explicalo todo, apuntarémonos a ela ou optaremos, se non nos interesa, por dármonos de baixa nese eido da investigación.

“Entendemos por Etnografía a ciencia auxiliar da Historia que estuda o conxunto de elementos culturais de tipo espiritual ou material dun pobo, as condicións de vida ou a súa evolución, elaborados tradizoal, popular e anónimamente”. (...) “Non hai dúbida que na conciencia popular remanecen moitos elementos míticos de caracterización máis ou menos difícil polas múltiples aculturacións atravesado dun longo período de tempo... Os costumes -xa se dixo- son fósiles ao ár que teñen que haber sofrido mutacións... Nembargantes, unha cousa é certa: *o extraordinario poder de supervivencia dos feitos relixiosos*” (TABOADA, 1972: 11 e 96). Chega con estes parágrafos de Taboada, similares ós de todos os seus compañeiros de traballo, para que un experto se decate de cales eran os intereses dos investigadores galegos que xiraban ó redor da Xeración NÓS, Seminario de Estudos Galegos e Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. O mesmo que sucedeu en Centroeuropa, Italia, Portugal, España e, en menor medida, por razóns políticas obvias, Francia, todos eles, desde Risco a Otero ou Cuevillas, Xocas, Ben-Cho-Shey, Bouza, Filgueira, Fraguas, Ferro, etc., foron influídos polo romanticismo alemán herdeiro de Herder, así como polo Evolucionismo de Morgan, Tylor, Engels ou, posteriormente, Frazer, a reacción do Difusionismo coa Escola Histórico-Cultural de Ratzel, seguido por Graebner, o formulador do que deu en chamar *Kulturkomplex* (“complexo cultural”), *Kulturkreis*




Ben Cho Shbey por Conde Corbal.

(“círculo cultural”) e *Kulturschichte* (“estratos culturais”) e que culminou o Padre Schmidt e, finalmente, o método hamburgués Palabras e Cousas (*Wörter und Sachen*) que estudaba os obxectos xunto coas palabras que os designaban. Membros desta escola, lingüística *ab initio*, pero etnográfica polo método e os resultados, traballaron en Galicia e D. Xaquín tratou e cartouse co xefe de filas, Fritz Krüger, e mesmo tivo na súa casa de Facós a Schneider, por certo moi cambiado na súa segunda viaxe con respecto á primeira, segundo D. Antonio Fraguas.

Os nosos investigadores tiñan moi claro que nós, os galegos, somos o que somos como un produto de supervivencias antiquísimas e dun espírito fecundante, o *Volksgeist*, como lle chamaron os románticos alemáns, que se manifesta no *Volkskunde* ou folclore, no “saber do pobo”, como denominaron os Irmáns Grimm ás súas coleccións de contos, cos que facían patria. Este mundo xermánico foi quen lles marcou as pautas metodolóxicas, como foi o caso da *Kulturhistorische Schule* de Viena, preconizando a posibilidade de seguir os vieiros polos que se difundiron os complexos culturais. Por iso, para esta escola, os estudos sobre cultura material eran

auxiliares da Historia e focalizaban o seu traballo nos fenómenos de cultura, “cousificándoos”. Hoxe, os estudos antropolóxicos apuntan á complexidade dos procesos dos devanditos fenómenos e algúns investigadores en nómina, pensando que as novas metodoloxías vindas de Francia ou, sobre todo, de Inglaterra, tamén dos EE.UU., son mellores, as mellores ou as únicas que merecen a pena, desprezan e minusvaloran a D. Xaquín e, por conseguinte, ó P. Schmidt, a Krüger, etc.

Por evitar autocitas, direi que concordo con Mandianes, cando escribiu que D. Xaquín “utilizou as técnicas de investigación e os métodos de traballo que utilizaban os etnógrafos do seu tempo” ou ó recoñecer que “Vicente Risco, Xesús Taboada, Fermín Bouza Brey, Xocas (Xaquín Lourenzo) e Antón Fraguas foron tres (sic) etnógrafos de alta escola, equiparables ós máis grandes de Europa, que nada lle teñen que envexar a outros especialistas” (MANDIANES, 2004: 89 e 102). O seu discurso era identitario e, hoxe, algúns din que iso non é científico, non logrando eu entender por qué só é válido o discurso universalista. Certamente, os nosos investigadores tiveron diante outras metodoloxías, as funcional-estruturalistas, que foron aparecendo a partires da 2ª e 3ª década do pasado século; pero eles tiñan unha idea de Galicia e estas metodoloxías en nada lles axudaban ó seu coñecemento, por iso non lles interesaron as construcións lóxicas, abstractas, os modelos universais de Lévi Strauss que, moitas veces, máis parecen de matemáticos que de historiadores. Tampouco foron engaiolados (igual me pasou a min, que, como moito, prefiro a observación disimulada, sen estorbar) pola “observación participante” de Evans-Pritchard ou do seu mestre, na *London School of Economics*, Malinowski, nin polo funcionalismo deste, nin polo sistema social de Radcliffe-Brown. E, a fin de contas, a “observación participante”, como a defendeu Evans-Pritchard, leva a un comprometerse co obxecto de estudo que, necesariamente, colisiona e contamina a integridade científica. Polo menos, os nosos, coa súa metodoloxía, xa partían abertamente do amor á Terra, e apurábanse a recoller *todo*, sen se preocupar da súa publicación nin de quen a fixera, porque tiñan medo de que se perdera a esencia de Galicia coa desaparición biolóxica dos vellos que aínda a conservaban.




Nomes das partes dunha dorna do Porto do Son, en 1933.
Debuxo de Xaquín Lorenzo

E aquí radica tamén outra das grandes diferenzas entre D. Xaquín e compañeiros investigadores co que fan os actuais antropólogos galegos. Aqueles practicaban, naturalmente, o traballo en equipo multidisciplinar, conscientes de que a apreensión de tódalas notas identitarias de Galicia non podía ser asumida por un único especialista, mentres que agora, por razóns eminentemente curriculares, predomina o individualismo. Por iso, hoxe, non se fan traballos como os de comarcas e terras, tipo a de Melide. O Propio D. Xaquín, nunha mesa redonda, en Trasalba, na que participou con Filgueira e Fraguas e que tiveron o grande honor de moderar, esmiuzou estas diferenzas, demostrando, por outra banda, que -entendéao ou non- estaba ó día do que se facía en antropoloxía en Galicia (CALO, FRAGUAS, FILGUEIRA e LORENZO, 1990: 256).

O mar de D. Xaquín

Descubriu o mar, como investigador, no Porto do Son, en 1933, cando participaba nas escavacións que no Castro de Baroña levaba a cabo o seu compañeiro do Seminario de Estudos Galegos Sebastián González García-Paz. Había que recoller “o saber do pobo” e facelo antes da súa inminente desaparición e el, un labrego ilustrado da Baixa Limia, sabe que ó noso *Volksgeist*, cuxas manifestacións andaban a recoller, lle faltaba un elemento fundamental, o mariñeiro. A alma do pobo galego presentábase no mundo dos labregos, dos artesáns e dos mariñeiros e el coñecía moi ben o dos primeiros, ignorando todo sobre os homes de mar, polo que resultou engaiolado por este, porque “O mar ten un grande atractivo prás xentes do interior”. Estuda no Son a dorna (LORENZO, 1934), da que fai unha descrición esmiuzada de todas



Trebellos dun almacén de salga.
 Debuxo de Xaquín Lorenzo

e cada unha das súas partes; pero non parou aí, senón que a incardinou na vida dos pescadores que traballaban con ela, chegando a dicir que esta embarcación “síñifica o paso da pesca familiar ao cooperativismo”. Trabucouse nisto, pero foi unha tentativa de análise, de ir máis aló do dato. Obviamente a valoración que fai da dorna é totalmente etic; pero dificilmente podería ser emic, sendo feita por un home de Facós. Por iso, en ningures recolle a valoración que o propio home de mar fai da súa dorna. A présa na recollida de datos, elaborados logo no gabinete, levárono a cometer varios erros interpretativos e de léxico, que comentei no limiar que fixen a esta publicación en CALO (2004a) ou, con máis detalle en CALO (2004b). Este traballo de D. Xaquín tivo a virtude de dar a coñecer á intelectualidade galega, nunha data temperá, o mundo do mar.

Naquela altura, considerábase o cuestionario unha magnífica ferramenta de traballo etnográfico e o Seminario de Estudos Galegos decidiu empezar a elaboralos, na liña do da sociedade *El Folklore Gallego*,

presidida por Dona Emilia Pardo Bazán, ou o do Ateneo de Madrid. Decidiu D. Vicente Risco iniciar a serie co feito por LORENZO (1933), por ocuparse dunha parcela “das menos estudadas, máis virxes pra investigación, da nosa etnografía”. Consta de 115 preguntas e non se trataba dun estudo, senón dunha ferramenta para futuros traballos de campo que permitisen comprender o mundo mariñeiro, tan alleo a todos aqueles grandes investigadores ourensáns.

Para a grande *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo, elabora o magnífico tomo dedicado á cultura material (LORENZO, 1962), obra de madurez non sempre tan apreciada como utilizada. Aí está todo o “saber do pobo” cos tres pés -labregos, artesáns e mariñeiros- que conforman o seu “espírito” e foi elaborado con tanta sapiencia como amor á Terra. O mar aparece espallado por todo o libro e preséntase con moi desigual valor. Varios dos temas que trata son verdadeiras primicias na literatura etnográfica, e o dedicado á conservación da pesca acadou unha altura realmente considerable, tanto en datos e interpretacións como en variantes locais e vocabulario específico.

Aínda que non se trata de mar, é preciso facer referencia a un traballo (LORENZO, 1966) sobre a pesca no tramo medio do río Miño, onde tamén estuda unha embarcación chamada dorna, pero totalmente distinta en feitío e utilidade daquela do Porto do Son. Neste traballo, vemos que o autor non mudou en absoluto os seus presupostos metodolóxicos, pois ocupándose dos barcos de río di que son “tan arcaizantes que nos mostran hoxe unha vivinte estampa da nosa prehistoria”. Seguimos a ver o evolucionismo, o historicismo, as supervivencias daquela Escola de Viena. O mesmo reconece no arcaísmo que presentan os anzós de madeira de espiño ou escalambrón.


Xa fixen referencia a un traballo, publicado en 1969 e citado en LORENZO (2004), no que aborda a presenza do mar entre as xentes do interior. Fala así dos bañistas que acudían ás praias e do nome que nelas se lles daban, das casas de baño, dos cornos mariños cos que regresaban e cos que escoitaban o mar, de exvotos, que el considera mariñeiros e que realmente pertencían á Mariña de Guerra e, como remate, recolle unha serie de cantigas. O seu derradeiro traballo relacionado co mundo do mar é un pequeno artigo no que deu a coñecer unha figura do Antroido

no Berbés de Vigo (LORENZO, 1982). Tratábase do escabicheiro, merdeiro ou labrego e representaba os labradores dos arredores da cidade que acudían ó Berbés a recoller o contido dos pozos negros para estrar as súas terras. Os mariñeiros ridiculizábanos, aproveitando estas festas.

O mar de D. Xaquín era un mar pretecnolóxico, paleotécnico, un mar no que aínda dominaba a forza do vento, recollida habilmente nas velas das embarcacións por uns homes que o investigador pretendía entender. E podemos asegurar que, xa desde o primeiro estudo, o que fixo sobre a dorna na miña vila do Son, demostrou ter aprehendidas as notas máis significativas do ser mariñeiro. Veu moi clara a distinción existente entre os homes de terra e os de mar e tentou explicar a causa disto, atinando cando dixo: “A incertidume da súa vida, sempre por riba das augas treidoras dá a estes homes un espírito xeneroso e un amplo concepto da vida e das súas pasións”; e tamén: “Semellantes aos croios que o mar axota ás praias, estes homes perderon ao contacto co mar as aristas que se sinalan ferintes en moitos aspectos da vida campesiña”. Traballei eu sobre esta cuestión, cunha relativa profundidade e extensión, por tratarse dun mar “nunca dantes navegado”, que diría Camões, e terei necesariamente que volver a trazar rumbos polas mesmas augas para asentar a derrota nas cartas de marear (Cfr. CALO, 2004c).


● mar do século XXI

O mar de hoxe é tan diferente do que D. Xaquín coñeceu que, se hoxe volvese ó Porto do Son, tería diante dos seus agudos ollos de etnógrafo un mundo tan distinto que non podería entender case nada. Hoxe, en Galicia, temos un mar de grandes barcos, rampleros, conxeladores, potentes motores, tecnoloxía punteira en radares, sonares, VHF, GPS, Plotters, haladores, sondas estéreo, bateas, piscifactorías, etc. E os homes de antes xa non son. Agora son outros, e el ollaría peruanos, subsaharianos, asiáticos, caboverdianos... e a rede pescando, que dicimos os mariñeiros, e D. Xaquín tería certamente moitas dificultades para incardinar todo isto nos presupostos das supervivencias e do *Volksggeist*. Agora hai mariñeiros e mariscadoras con curiosa licenza de guías turísticos e, se un cantante non galego como Manolo García cualificou



este feito de subcultura, eu sei moi ben como lle chamarían os vellos “de antes”. En 1933, o mar era case libre; escribín un apunte sobre este asunto en CALO (2003) e, noutro lugar, insistín en que a tan repetida expresión “Traxedia dos comúns”, da que tanto gustan os antropólogos desde HARDIN (1968), fora empregada xa por D. Carlos Marx nesa grande obra, que moitos citan e poucos len, chamada “O Capital” (Cfr. CALO, 2004c). A cada quen o seu.

Hoxe, no mar hai unha soberanía compartida de xeito asimétrico entre Bruxelas, Madrid, Santiago e as propias confrarías de cada porto (Cfr. CALO, 2004d: 156-157). Neste artigo, defendín que, no seu intre, os traballos de D. Xaquín eran válidos, pero quen queira saber como é o mar galego de hoxe non debe procuralo aí, e engadín que tampouco en “boa parte dos meus propios traballos, feitos moito despois do de D. Xaquín”. Pregunteime a cales habería, xa que logo, que recorrer e respondín: “Aínda non se escribiron”. Hai que volver ós portos a traballar. Hai que volver a interesarse pola cosmovisión dos mariñeiros, pero ¿de que mariñeiros?, ¿dos que proceden de África, de América, do Sueste Asiático?, ¿que interaccións e contaxios se poden ter xa produ-



O mar terra adentro
Xaquín Lorenzo

cido?, ¿cales son as crenzas de cada grupo?, ¿como interpretan todos a festividade “tan mariñeira” da Virxe do Carme?, ¿a quen pregan, se é que o fan, nas suradas e marusías campais?, ¿como ven eles os peixes?... E así poderíamos facer un percorrido por todo o complexo mundo do mar.

Non teño noticias de que os antropólogos anden a traballar nestes temas, nin tan sequera que teñan asumido e apreendido o que se fixo antes da irrupción dos foráneos, algo imprescindible para poder interpretar os cambios que, sen dúbida, xa se están a producir. Algúns antropólogos actuais, e non só de Galicia, prefiren volver a mirada ó que se chama antropoloxía da xestión, algo sobre o que sempre manifestei as miñas cautelas, pois de aí a traballar a soldo para demostrar o que conveña ó que paga non hai máis ca un paso. Tamén poderíamos introducir aquí o do “antropólogo sen autor” da postmodernidade metodolóxica e, se queremos, a dos xeógrafos que, por descoñecemento de física e química, andan aboiados na procura dun espazo no que se

desenvolver en exclusiva, o mesmo que os filósofos, polas mesmas carencias, se refuxian na ética e os políticos, por razóns distintas, largan os aparellos no inclasificable centro. Tampouco é nada novo falar de antropoloxía da xestión, pois xa Radcliffe-Brown e Malinowsky preconizaban a aplicación práctica dos coñecementos antropolóxicos, a antropoloxía aplicada, da que por certo se ten feito tanto uso, desde o imperialismo vitoriano ata a derrota xaponesa, que obvia introducir citas.

D. Xaquín foi un home do seu tempo que traballou coas metodoloxías que coñecía e que mellor conveñían á fin que procuraba. Sabía que existían outras; posiblemente non as entendera, sobre todo polo cripticismo da súa xerga; pero tampouco lle interesaban, porque para procurar a esencia de Galicia funcionábanlle moi ben as que el manexaba. Aínda máis, se seguira investigando hoxe, aplicando o seu método, podería recoller moitos aspectos case totalmente descoñecidos do mundo do mar. A saber: ¿existe unha cultura folclórica mariñeira en

Galicia?, ¿por que tivo tanta aceptación nas tabernas da costa a habanera? Aínda non se estudaron os subsistemas da música tradicional do litoral, nin se recolleron as danzas gremiais, tan espalladas e algunhas, de espadas, activas. Case non hai mitoloxía mariñeira, nin contos específicos, nin romances... E así poderíamos seguir enumerando moitos dos temas que lle interesarían directamente a D. Xaquín. Pero, se hoxe estivese vivo e con ansias firmes de traballo, moi posiblemente non fixese nada. O mundo dos seus mestres e del mesmo está, non morto, pero si moi debilitado. Daquela, a investigación, toda a investigación, desde a etnográfica á arqueolóxica e mesmo á xeolóxica, vg. Parga Pondal, estaba en mans de persoas afastadas das institucións académicas, que se arroupaban entre elas, que non competían curricularmente por unha praza en ningures, que se axudaban e traballaban desinteresadamente en equipo, tendo como único fin Galicia. E Galicia agradecíallo e honrábaos e aco-

líaos nas súas institucións máis prestixiosas. Hoxe, todo mudou e así como para mariscar hai que ter un “permex”, un permiso de explotación marisqueira, impedindo que os veciños da beiramar poidan ir coller á seca unha caldeirada, algo que nin eles, nin eu, entendemos, para investigar é preciso tamén dispor de permisos inalcanzables. E D. Xaquín, Cuevillas, Taboada, Filgueira, Fraguas, etc. non dispoñían do “permex”, polo que non poderían facer nada. E as institucións galegas están copadas por persoas que, sen prexulgar valías, que non é o caso, non se caracterizan precisamente pola súa entrega á Terra sen reservas. Galicia non ten culpa disto.

Hoxe, se non se é arqueólogo ou antropólogo en nómina, resulta practicamente imposible facer traballo de campo. Algúns, como homes de mar que somos, entramos a saco nos caladoiros vedados, pero D. Xaquín era de terra e non coñecía as mañas. Hoxe, posiblemente, non fixera nada ¡Que mágoa!

BIBLIOGRAFÍA

CALO LOURIDO, Francisco (2003): “Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (séculos XII a XVII)”. In CALO LOURIDO, F. (Coord.): *Actas do Simposio de Historia Marítima do século XII ó XVI. Pontevedra e o Mar*. Concello de Pontevedra, pp. 19-42.

CALO LOURIDO, Francisco (2004a): “Limiar” in LORENZO, Xaquín: *As dormas do Porto do Son*. Concello de Porto do Son. Letras Galegas, 2004. Cartafol da Memoria, 2, pp. 7-17. Porto do Son.

CALO LOURIDO, Francisco (2004b): “Cultura mariñeira”. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 365. A Coruña, pp. 37-56.

CALO LOURIDO, Francisco (2004c): “Patrimonio móbil, fluído e movemento perpetuo conforman a praxe haliéutica e a cosmovisión do home de mar”. In *1º Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego in Memoriam Xaquín Lourenzo Fernández “Xocas”*. Deputación de Ourense, Ourense, pp. 93-104.

CALO LOURIDO, Francisco (2004d): Do paleotécnico e galego mar de D. Xaquín ó tecnificado e multirracial da Unión Europea”. *Congreso sobre Xaquín Lourenzo*. Xunta de Galicia. Santiago, pp. 151-157.

CALO LOURIDO, Francisco (2004e): “A formación teórica de D. Xaquín Lorenzo”. *Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Museo de Viladonga*. Nº 14, Lugo, pp. 27-39.

CALO LOURIDO, F., FRAGUAS FRAGUAS, A., FILGUEIRA VALVERDE, X e LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1990): “Mesa redonda. D. Ramón Otero Pedrayo e a personalidade cultural de Galicia”. *Actas Simposio Internacional de Antropoloxía*.

Identidade e Territorio. Centenario de Otero Pedrayo. Consello da Cultura Galega, Santiago, pp. 231-256.

HARDIN, Garret (1968): “The Tragedy of the commons”. *Science*, 162: 1243-1248.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1933): “Notas pra un cuestionario de etnografía. Embarcacións”. *Nós*. Nº 111. Santiago, pp. 49-52.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1934): “As dormas do Porto do Son”. *NÓS*, nº 126-127. Compostela, pp. 109-116.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1962): “Etnografía: Cultura material”. In OTERO PEDRAYO, R.: *Historia de Galiza*. T. II. Buenos Aires.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1966): “Vellas artes de pesca no río Miño”. *Revista de Etnografía*. Vol. VII, t. 2, nº 14. Porto, pp. 289-295.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1982): “Do noso Antroido: os escabicheiros”. *Brigantium*. Vol. 3. A Coruña, pp 265-269.

LORENZO, Xaquín (2004): *O Mar terra adentro*. Consello da Cultura Galega. Santiago. 1ª edición en *Revista de Etnografía*. Vol. VIII, tomo I, Porto, 1969, pp. 105-112.

MANDIANES, Manuel (2004): “Xocas e a antropoloxía galega”. *Congreso sobre Xaquín Lorenzo*. Xunta de Galicia, Santiago, pp. 89-107.

TABOADA CHIVITE, Xesús (1972): *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Ed. Galaxia, S.A. Vigo.



D. Xaquín tentou integrar tódolos oficios nun sistema de relacións dentro da vida cotiá campesiña para, con elo, mellor contribuír a ese obxectivo último da obra *Historia de Galiza*, dirixida por R. Otero Pedraio, da que constitúen unha parte, que consistía en fundamenta-la identidade cultural diferenciada de Galicia.

XOSÉ ANTÓN FIDALGO SANTAMARIÑA

Sobrado dos Monxes, Coruña, 1946

Doutor en filosofía e Profesor titular de Antropoloxía Social na Universidade de Vigo: Campus de Ourense; é Patrón numerario do Museo do Pobo Galego e fundador do Laboratorio

Ourensán de Antropoloxía social (L.O.A.S.). Entre as súas publicacións atópase a obra *Antropología de una parroquia rural* (Ourense, 1988), que mereceu o premio Otero Pedraio 1984, *O Afiador* (Ir Indo, 1989) e as compartidas *Traballos Comunais no mundo rural* (Ourense, 1987)

e *Cinco profesións ambulantes ourensáns* (Ourense, 1988). É autor igualmente da obra *Os saberes tradicionais dos galegos* (Galaxia, 2001) que recibiu o premio Xesús Taboada Chivite 1998. Dirixe e edita a revista *Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropoloxía Social*.